

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 09.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 4758 (10/PNC-000460)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun programa de medidas para mellorar a seguridade a bordo dos buques, co fin de reducir a sinistralidade marítima e o número de vítimas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.2 10057 (10/PNC-001044)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre o apoio pola Xunta de Galicia á proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, así como a demanda ao Goberno central e á Unión Europea da axilización dos trámites necesarios para estender ata Tánxer a actual autopista marítima que une Vigo coa cidade gala de Nantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017
- 1.3 15414 (10/PNC-001338)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre o mantemento polo Goberno galego da actual liña de actuación para combater o furtivismo, introducindo nela os avances das novas tecnoloxías, como é o caso dos drones, para as tarefas de vixilancia e control
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.4 17698 (10/PNC-001459)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 1.5 19011 (10/PNC-001532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación

coa perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos, os problemas de saneamento e depuración que padecen, así como os niveis de contaminación que rexistran

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

- 1.6 19195 (10/PNC-001549)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás actuacións postas en marcha para evitar o impacto dos incendios forestais nos fondos das rías, en especial, nos bancos marisqueiros, así como a execución das accións precisas para evitar os efectos neles dos posibles arrastres de cinzas e terras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 4758(10/PNC-000460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun programa de medidas para mellorar a seguridade a bordo dos buques, co fin de reducir a sinistralidade marítima e o número de vítimas

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

No que vai de século XXI, preto de cen sinistros mariños tiveron lugar nas costas galegas, como consecuencia diso produciuse un elevado número de vítimas mortais. Os anos 2011 e 2013 foron os anos de maior sinistralidade, chegando nos dous últimos anos a alcanzar a cifra de 13 barcos. Neste dato inclúense tanto pesqueiros como veleiros de náutica deportiva (dato obtido do “*Nuevo Catálogo de Naufragios*”, de Rafael Lema).

Existen distintas posibilidades para mellorar a seguridade das embarcacións, entre eles, sistemas para manter as embarcacións a flote no caso de accidentes marítimos ou sistemas individuais de localización..

Na sesión plenaria do día 10 de maio de 2016, en relación co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, a resolución número 56, foi aprobada por unanimidade e establecía o seguinte:

Posta en marcha e finalización nos próximos cinco anos dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento.

A tal efecto, e en relación coa alto número de sinistros mariños que se están a producir nas nosas costas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4758
Data envío: 08/02/2017 16:14:55.200



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un programa, nun prazo máximo de seis meses, que estableza as medidas necesarias para a mellora a bordo dos buques, co fin de reducir a alta sinistralidade e o número de vítimas.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/02/2017 12:32:17

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2017 12:32:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2017 12:32:40

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 10057(10/PNC-001044)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre o apoio pola Xunta de Galicia á proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, así como a demanda ao Goberno central e á Unión Europea da axilización dos trámites necesarios para estender ata Tánxer a actual autopista marítima que une Vigo coa cidade gala de Nantes

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10057
Data envío: 06/06/2017 14:51:07.956

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

Autopista do mar é un concepto na política de transportes da Unión Europea onde o protagonista é o transporte marítimo de mercadorías por medio de rutas que unen diversos portos, co obxectivo de diminuír o impacto ambiental do tráfico rodado, evitar o colapso das estradas e ofrecer un modo de transporte eficiente.

A coñecida como Autopista do Mar que une Vigo con Nantes e Saint Nazaire entrou en servizo oficialmente no ano 2015, grazas as xestións levadas a cabo polo propio Goberno central, que foron determinantes para acadar esta autopista marítima logo de que a propia Autoridade Portuaria acreditase que era posible captar novos tráfico.

Dende entón, esta autopista non fixo máis que incrementar o seu tráfico, aumentando no pasado mes de marzo nun 21%.

Un porto de referencia xunto a unha autopista marítima que non deixa de medrar, mostrándose coma un valor seguro, que recentemente ten levado á empresa concesionaria a plantexarse a implantación dunha nova liña regular ata a cidade marroquí de Tánxer. Un aposta arriscada que necesitará do apoio institucional das propias administracións, autonómica, central e comunitaria, pero que sen dúbida será beneficioso para Vigo e para Galicia.

Hai que lembrar que Marrocos é o segundo socio comercial de España fóra da UE e coa amplitude da ruta ata a terminal marroquí poderanse atender as necesidades das cadeas de subministro dos sectores automobilístico, téxtil e agroalimentario, especialmente para a pesca e os produtos hortícolas.

Por todo o anterior, este grupo parlamentario presenta a seguinte proposición para o seu debate en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 10057
Data envío: 06/06/2017 14:51:07.956

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a apoiar a proposta da Autoridade Portuaria de Vigo e a demandar do Goberno do Estado e da UE a axilización dos trámites necesarios para lograr estender ata Tánxer a actual autopista marítima que une Vigo coa cidade gala de Nantes”.

Santiago de Compostela, 6 xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/06/2017 14:48:30

Carlos Enrique López Crespo na data 06/06/2017 14:49:03

Teresa Egerique Mosquera na data 06/06/2017 14:49:17

María Ángeles García Míguez na data 06/06/2017 14:49:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/06/2017 14:49:41

Alberto Pazos Couñago na data 06/06/2017 14:49:51

Marta Rodríguez Arias na data 06/06/2017 14:50:03

Daniel Vega Pérez na data 06/06/2017 14:50:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 15414(10/PNC-001338)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego da actual liña de actuación para combater o furtivismo, introducindo nela os avances das novas tecnoloxías, como é o caso dos drones, para as tarefas de vixilancia e control

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

Coa chegada do actual goberno da Xunta de Galicia botaba a andar unha planificación integral que perseguía o freo desta actividade ilegal e tan prexudicial para a nosa sociedade como é o furtivismo. A preservación dos recursos mariños esixía unha actuación decidida para erradicar o furtivismo, evitar a fraude e garantir a salubridade dos produtos do mar.

Esta estratexia centrouse en que o recurso non saíse do seu medio, xa fose no mar ou na praia, incautando as artes e medios empregados na súa obtención ilegal. Os resultados non tardaron en chegar e foron evidentes, xa que as incautacións de aparellos ilegais duplicáronse nos dous seguintes anos en comparación co primeiro ano da anterior lexislatura.

Resulta evidente que loitar contra esta lacra é unha tarefa inxente que non pode ser abordada de forma unilateral por Gardacostas. Desde un principio considerouse que a coordinación de todos os medios dispoñibles era unha necesidade, máxime cando o propio furtivismo viña acompañado en moitas ocasións por fenómenos coma a violencia contra o persoal de Gardacostas ou a dificultade de realizar controis en estradas.

Neste senso, deuse un reforzo da colaboración cos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, fundamentalmente coa Garda Civil e coa Unidade de Policía Nacional adscrita a Galicia, así coma coas Policía Locais e os gardapescas das Confrarías de Pescadores.

Por outra banda, debemos poñer enriba da mesa e estudar a oportunidade que nos presenta a utilización das novas tecnoloxías para a vixilancia e control dos furtivos pola costa. Unha destas novas ferramentas pode ser o emprego de drones para as tarefas de control e vixilancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15414
Data envío: 05/09/2017 14:16:44.054**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar na actual liña para combater o furtivismo, introducindo na medida das posibilidades os avances que as novas tecnoloxías nos ofrecen, como é o caso dos drons, para as tarefas de vixilancia e control.”

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 14:10:12

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 14:10:38

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 14:10:48

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 14:10:58

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 14:11:24

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 14:11:33

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 14:11:40

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 14:11:51

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 14:12:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 17698(10/PNC-001459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17698
Data envío: 28/09/2017 11:33:09.281

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao novo Regulamento de Ordenación e Funcións do Servizo de Gardacostas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 28 de xullo, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo remitido o mesmo ao Consello Consultivo de Galicia. Dita normativa está a conseguir o rexeitamento do colectivo deste persoal por conter postulados contrarios a Lei de Gardacostas. De entre estes sobresa a blindaxe dos cargos de libre designación, Subdirector, xefes/as do servizo e xefes/as das unidades operativas poderán ser persoal alleo ao Servizo de Gardacostas e pasarán a ser dotados das atribución propias dos funcionarios deste Servizo, isto é: axentes da autoridade con uniforme, placa, insignia e carné profesional, podendo exercer os labores de dito corpo sen ter ningunha das súas atribucións.

No apartado d@s xefes das unidades operativas, ademais de ser nomead@s a dedo, algo sobre o que xa se ten pronunciado reiteradamente os tribunais de xustiza con sentenzas que declaran ilegal a catalogación de ditos postos como LD, agora poderán realizar función d@s titulad@s náutico pesqueir@s (patróns/as e mecánic@s) sen que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17698
Data envío: 28/09/2017 11:33:09.281

ocuparan estas prazas, sempre que teñan a titulación correspondente, podendo realizar as funcións de dous postos de traballo e cortando as posibilidades de que estas prazas poidan ser ofertadas e ocupadas por outra persoa, precarizando as funcións do persoal do propio Servizo.

Tamén é de salientar a creación dunha nova escala operativa (C1) que non aporta unha regulación regrada de promoción interna clara, por mérito, capacidade e competencia. A imposición dun modelo xerarquizado, que pretende que @s axentes desenvolvan as súas actuacións baixo ordes ou mando directo e non co criterio xeral de actuación: *“cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores”*. A todo o anterior hai que sumar o feito de que na mesa de negociación non se tivo en conta as especiais condicións de traballo deste colectivo.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a retirar o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galiza, aprobado no Consello da Xunta celebrado o 28 de xullo de 2017.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17698
Data envío: 28/09/2017 11:33:09.281

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2017 18:30:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/09/2017 18:31:04

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2017 18:31:05

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2017 18:31:07

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2017 18:31:08

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2017 18:32:04

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 19011(10/PNC-001532)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos, os problemas de saneamento e depuración que padecen, así como os niveis de contaminación que rexistran

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:32
Nº Rexistro: 19011
Data envío: 18/10/2017 17:32:37.249



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

As rías galegas supón un dos bens naturais máis relevantes que ten a nosa Comunidade Autónoma e supón, ademais, unha fonte de riqueza non so de carácter medioambiental senón tamén económica por ser un recurso dada a súa produtividade en termos marisqueiros. Froito disto, existe unha gran preocupación sobre o estado do saneamento das rías galegas, pois os problemas asociados á contaminación e o mal estado das augas e os fondos das rías deriva en perdas económicas relevantes por problemas de extracción e redución tanto de tamaño dos produtos como da súa cantidade.

A Unión Europea advertiu en diversas ocasións dos problemas de saneamento das rías galegas e a súa repercusión sobre a actividade extractiva. Froito destas advertencias, e das visitas de delegados/as do organismo europeo, xa en 2013 produciuse un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles Fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas.

O sector marisqueiro vén manifestando continuamente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galicia na acción de atención ás rías, en liña co sinalado pola UE, así como a aposta pola especial protección das zonas en que se cultivan bivalvos, instando á Xunta de Galicia a negociar a implantación destas medidas en cooperación coas institucións europeas.

En contra disto, o sector comproba con tristeza como existen promesas continuamente incumpridas sobre medidas de saneamento. O sector marisqueiro segue véndose obrigado a parar a súa actividade en



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

numerosas ocasións durante o ano, froito dos problemas xerados por esta contaminación, ou a reducir substancialmente os períodos de libre marisqueo. Como se pode comprobar en datos ofrecidos polo propio sector, existe un descenso de produtividade na recollida por especies, dende 2010 a 2016, época na que se perdeu máis da metade da produción en produtos como a vieira ou a volandeira ou o berberecho, e tamén de relevancia na ameixa. Como consecuencia os permisos marisqueiros se reducen notoriamente (en torno ao 40 % deles se perderon dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijóo) Existen numerosas queixas e reivindicacións colectivas sobre a necesidade de rexenerar zonas destinadas a marisqueo, que outrora foron localizacións tremendamente produtivas e agora amosan rendementos moi baixos comparativamente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un amplo e rigoroso estudo sobre as causas da perda de produtividade marisqueira das rías galegas nos últimos anos.
2. Realizar as actuacións pertinentes para conseguir un saneamento e depuración integrais das rías galegas e cumprir a normativa vixente e o bo estado da calidade das augas antes de que remate a actual lexislatura.
3. Implantar un plan de rexeneración das rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existente.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Iniciar os procesos de negociación necesarios coa UE para destacar de maneira especial as zonas de cultivo e extracción de bivalvos, conseguindo para elas un tratamento distinguido que redunde en mellora das condicións e da protección do sector en caso de dificultades para o traballo.
5. Realizar un informe anual específico, que se difunda entre o sector implicado, sobre os niveis de contaminación das rías galegas.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:29:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2017 17:29:12

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:29:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 17:29:21

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 09.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 19195(10/PNC-001549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás actuacións postas en marcha para evitar o impacto dos incendios forestais nos fondos das rías, en especial, nos bancos marisqueiros, así como a execución das accións precisas para evitar os efectos neles dos posibles arrastres de cinzas e terras

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:14
Nº Rexistro: 19195
Data envío: 19/10/2017 18:14:43.408

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa as medidas a tomar para evitar as consecuencias derivadas dos incendios forestais nas rías e nos bancos marisqueiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos días finais da primeira quincena do mes de outubro de 2017 Galiza sufriu o impacto da máis importante vaga de lumes da última década. As primeiras estimacións oficiais comunicadas pola Xunta de Galiza o pasado día 18 de outubro indicaban arredor de 35.500 hectáreas de superficie afectada ás que haberá que engadir as 12.600 ha que segundo os datos de Medio Rural tiñan ardido até esta nova traxedia. Sen dúbida, as consecuencias destes acontecementos veranse no noso país en múltiples aspectos, tamén en moitos ámbitos da nosa economía sobre os que cómpre estar vixiante e anticiparse.

A tremenda vaga de lumes que asolou o noso país arrasou con centos de hectáreas nas que quedan as cinzas da vexetación queimada sen ningunha protección que as suxeite. De non tomarse medidas todas esas cinzas e terras desprovistas de manto vexetal, poden acabar en algúns casos directamente no mar, e noutros nos nosos ríos, e logo como aluvión nos bancos marisqueiros das nosas rías con tráxicas consecuencias.

É polo tanto preciso tomar medidas para que as previsíbeis choivas do outono e inverno non produzan efectos irreparábeis nos ecosistemas mariños, razón pola cal o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:14
Nº Rexistro: 19195
Data envío: 19/10/2017 18:14:43.408

Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Traslade un informe ao Parlamento Galego con todas as accións postas en marcha, incluíndo orzamento, recursos e prazos, para evitar as consecuencias dos incendios forestais sobre os fondos das nosas rías, en especial sobre os bancos marisqueiros.

Levar a cabo de inmediato todas as accións precisas para evitar que as posíbeis escorrentías arrastren cinzas e terras aos nosos ríos e rias, que poidan estragar os ecosistemas, especialmente os bancos marisqueiros.”

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 18:14
Nº Rexistro: 19195
Data envío: 19/10/2017 18:14:43.408

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/10/2017 18:07:13

Xosé Luis Bará Torres na data 19/10/2017 18:07:19

Olalla Rodil Fernández na data 19/10/2017 18:07:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/10/2017 18:07:28

Noa Presas Bergantiños na data 19/10/2017 18:07:29

Ana Pontón Mondelo na data 19/10/2017 18:07:35